

*Resolución do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan os interesados no recurso contencioso-administrativo P.A. 233/2009, interposto pola Confederación Intersindical Galega.*

A Dirección Xeral da Función Pública recibiu do Xulgado do Contencioso-Administrativo número dous de Santiago de Compostela providencia pola que se admite a trámite o recurso contencioso-administrativo P.A. 233/2009, interposto pola Confederación Intersindical Galega, contra a Orde do 10 de febreiro de 2009 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso nas categorías 19 (titulado/a superior especialista) e 37 (titulado/a superior ambiental) do grupo I de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a remisión do correspondente expediente administrativo ao referido xulgado. O que se notifica para xeral coñecemento de todas as persoas interesadas no procedemento, que son emprazadas para que poidan comparecer como parte nos autos no Xulgado do Contencioso-Administrativo número dous de Santiago de Compostela no prazo de nove días, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Anuncio do 7 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores técnicos de formación profesional, especialidade de procedementos de diagnóstico clínico e produtos ortoprotésicos (591219) e profesores de música e artes escénicas, especialidade de violoncello (594434).*

Primeiro.-Comúncase que está aberto o prazo para posibles interinidades ou substitucións para:

1. Corpo de profesores técnicos de formación profesional.

Procesos de diagnóstico clínico e produtos ortoprotésicos

Licenciado en medicina.  
Licenciado en odontoloxía.  
Diplomado en enfermaría ou equivalente.  
Diplomado en fisioterapia.

2. Corpo de profesores de música e artes escénicas.

Especialidade	Titulación*
	Os titulados de profesor superior terán preferencia sobre os titulados de profesor do plan do ano 1966 aínda que o baremo sexa inferior.
Violoncello	1º Título de profesor superior. 2º Título de profesor do plan do ano 1966 ou de acordo coas equivalencias establecidas no Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo (BOE do 9 de agosto). Ambos os dous do instrumento correspondente.

Segundo.-*Praza de solicitude.*

O prazo para presentar a instancia de solicitude, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nos seus departamentos territoriais, será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro.-*Modelo de solicitude.*

O modelo de solicitude poderá ser recollido na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos seus departamentos territoriais e está á disposición tamén na páxina web da consellería, no enderezo <http://www.edu.xunta.es/profesorado> (nterinos-substitutos/convocatorias apertura de listaxes de substitutos, servizo de secundaria (documentos relacionados).

Cuarto.-*Comisión baremadora.*

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión constituída por funcionarios destinados na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión, con voz e sen voto, un representante por cada unha das organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria.

Quinto.-*Requisitos dos candidatos e candidatas.*

a) Estar en posesión da titulación que se sinala no punto primeiro deste anuncio.

b) Ter superado o curso Celga 4 de lingua galega ou validación equivalente.

c) Non obstante o anterior, poderán presentar solicitudes aquelas persoas que, posuíndo as titulacións sinaladas no punto primeiro, non posúan o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. Estes candidatos poderán ser seleccionados, en defecto de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionados, os candidatos deberán superar, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeados, o curso de Celga 4 de lingua galega ou equivalente. A superación deste curso deberá ser comunicada á Sub-

dirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexto.-O baremo de acordo coa addenda asinada cos sindicatos da mesa sectorial docente o 11 de xullo de 2006 será o publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado no DOG.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 9 de outubro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).*

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do referido texto, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo vacante que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral do Fondo Galego de Garantía Agraria (rúa dos Irmandiños, s/n, 15781 Santiago de Compostela), nos seus servizos territoriais ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unir a súa solicitude un *currículum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados na forma sinalada no parágrafo anterior non serán tidos en conta.

Quinto.-No caso de resultar seleccionado para ocupar o posto de traballo sinalado no anexo I desta orde un funcionario con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma de conformidade co previsto no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior radica na mesma localidade do novo destino, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo do funcionario. Este prazo empezárase a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

### ANEXO I

Código do posto: AG.A01.00.000.15770.020.

Denominación do posto: secretario/a do director.

Centro de destino: Dirección do Fogga.

Localidade: Santiago de Compostela.

Nivel: 18.

Complemento específico: 6.536,73 euros.

Grupo: C D.

Corpo/escala: xeral.

Adscrición AA.PP.: A11 (adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA.).

Formación: 020 (coñecementos informática nivel usuario), 641 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito imprescindible).